




VISITAMOS O MERCADO PARA IDENTIFICAR AS ESPECIES DE PEIXES, MOLUSCOS E CRUSTÁCEOS . Curso 2017-2018.




I. OS PEIXES

ANATOMÍA DOS PEIXES ÓSEOS E CARTILAXINOSOS:

OS PEIXES ÓSEOS, como indica o seu nome, teñen un esqueleto de fosfato cálcico e as branquias recubertas por unha especie de tapadeira chamada opérculo. Son exemplos de peixes óseos as sardiñas, peixe sapo, castañeta, xurelos...




- Anatomía externa dun peixe óseo -



- Anatomía interna dun peixe óseo -

OS PEIXES CARTILAXINOSOS teñen o esqueleto de cartilaxe e as branquias comunican co exterior mediante unhas fendas, as chamadas fendas branquiais (non teñen tapadeira ou opérculo). Son exemplos deste tipo de peixes: **as raias, os tabeiróns, os cazóns...**



I-1. IDENTIFICA ALGÚN PEIXE CARTILAXINOSO NO MERCADO E INDICA O SEU NOME (pregúntalle á peixeira/o se ten máis dun nome e escribe nos ocios da parte inferior os posibles nomes)

- **Os peixes cartilaxinosos atopados na visita son:**
Raia e Cazón.

I-2. IDENTIFICA PEIXES ÓSEOS NOS POSTOS DO MERCADO E INDICA O SEU NOME (pregúntalle á peixeira/o se ten máis nomes e escribe nos ocios da parte inferior os posibles nomes)

- **Os peixes óseos atopados son:** *Bacallau, Bocarte, Borracho, Cabala, Cabracho, Castañeta, Congro, Dourada, Escarapota, Escarpón, Faneca, Linguado, Bacaladilla, Pescadilla, Peixe sapo, Robaliza, Rodaballo, Rubio, Salmón, Sargo, Xurelo, Rapante e Acedía.*

II. OS CRUSTÁCEOS NO NOSO MERCADO:


Subclase CIRRÍPEDOS: Teñen esqueleto externo calcificado e formado por varias placas, como por exemplo os percebes e os arneiróns.




Arneiróns á esquerda e á dereita percebe

Subclase MALACOSTRÁCEOS: Teñen dous pares de antenas e a cabeza e tórax unidos formando o chamado cefalotórax e xeralmente cubertos por un caparazón. Dentro desta subclase destacan varios grupos, entre os que destacamos os **DECÁPODOS**.

- **OS DECÁPODOS:** Cabeza e tórax unidos nun cefalotórax rodeado por un caparazón terminado nunha prolongación denominada rostro. En canto ao abdome, pode aparecer **estendido**, como nos langostinos, lumbrigantes e gambas ou **dobrado** sobre o cefalotórax, como nas nécoras, centolos ...



- Anatomía externa dun crustáceo decápodo co abdome estendido



- Anatomía externa dun crustáceo decápodo co abdome repregado

II – 1. IDENTIFICA OS CRUSTÁCEOS QUE APARECEN NOS POSTOS DO MERCADO e pon o seu nome na liña de puntos (debes indicar se son decápodos ou cirrípedos, para o que debes consultar as páx. 4 e 5)

- **Os crustáceos atopados son:** *Bogavante, Boi de mar, Nécora, Centola, Patelo* (pertencentes aos decápodos). Non atopamos ningún cirrípedo.

III. MOLUSCOS NO NOSO MERCADO: Podemos falar de varios tipos de moluscos (animais de corpo brando), entre os que destacan os gasterópodos, os cefalópodos e os bivalvos.

- **MOLUSCOS GASTERÓPODOS:** como caracois mariños, lapas, orellas de mar, caramuxos...


Non atopamos ningún destes moluscos gasterópodos no mercado de Redondela.



- **MOLUSCOS BIVALVOS:** moluscos con dúas valvas (dúas cunchas) como as ameixas, croques, mexilóns, navallas, vieiras, zamburiñas...



- **CEFALÓPODOS:** moluscos que teñen tentáculos con ventosas rodeando a boca e unidos á cabeza (a cabeza posúe grandes ollos). E algo moi curioso é o feito de ter unhas mandíbulas córneas a modo de “pico de loro” na boca. Como exemplos temos o polbo, o calamar, o choco, o lura ...



III- 1. IDENTIFICA OS MOLUSCOS BIVALVOS que atopas nos postos visitados no mercado e indica o seu nome ou nomes:

- **Os moluscos bivalvos atopados son:** *Ostra*, *Ameixa fina*, *Ameixa babosa*, *Ameixa xaponesa*, *Ameixa rubia*, *Croque*, *Chirla*, *Navalla*, *Mexilón*.

III- 2. IDENTIFICA , SE HAI ALGÚNS, OS MOLUSCOS GASTERÓPODOS que atopas e indica o nome ou nomes. *Non atopamos ningún.*

III- 3. IDENTIFICA OS MOLUSCOS CEFAFÓPODOS que atopas e indica o nome ou nomes:

- **Os moluscos cefalópodos atopados son:** *Lura, Pota, Choco, Polbo.*

O NOSO AGRADECIMENTO ÁS PEIXEIRAS E PEIXEIROS DO MERCADO DE REDONDELA POR AMOSARNOS OS SEUS PRODUTOS .